



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 577
10 de outubro de 2023



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Rexeitamento da iniciativa

I 59170 (11/PNC-004941)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para a mellora da situación socioeconómica e laboral

[221226](#)

I 59226 (11/PNC-004953)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que amplíe a rede de escolas infantís e asuma os custos das competencias autonómicas prestadas polos concellos, concretamente no referido ás escolas de 0 a 3 anos

[221226](#)

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 58622 (11/PNC-004906)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Moureira, María Sol e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar na dixitalización do ensino galego

[221226](#)

Rexeitamento das iniciativas

I 56586 (11/PNC-004778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar e modernizar as infraestruturas dos centros educativos de Ponteareas e da súa comarca

[221227](#)

I 58203 (11/PNC-004869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións de reforma que debe engadir a Xunta de Galicia no programa de rehabilitación integral do CEIP Daniel Rodríguez Castelao, de Rianxo [221227](#)

I 59540 (11/PNC-004969)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que atenda a reclamación de maior dotación de profesorado e de prazas de comedor para o CEIP Bouza Brey, de Ponteareas [221227](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

I Resolución da Presidencia, do 9 de outubro de 2023, pola que se admite a trámite o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que se comunica a inclusión na orde do día do próximo Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, do proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 61037) [221228](#)

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

I Resolución da Presidencia, do 9 de outubro de 2023, pola que se admite a trámite o escrito de 42 deputadas e deputados do G. P. Popular de Galicia polo que solicitan a convocatoria urxente dun Pleno extraordinario (doc. núm. 61039) [221229](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

I Resolución do 2 de outubro de 2023, pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto de xefatura do Servizo Económico-Financeiro da institución do Valedor do Pobo, convocado por resolución do 20 de xuño de 2023 [221229](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 6 de outubro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 59170 (11/PNC-004941)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para a mellora da situación socioeconómica e laboral

BOPG nº 561, do 13.09.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 59226 (11/PNC-004953)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que amplíe a rede de escolas infantís e asuma os custos das competencias autonómicas prestadas polos concellos, concretamente no referido ás escolas de 0 a 3 anos

BOPG nº 565, do 20.09.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 6 de outubro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 58622 (11/PNC-004906)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar na dixitalización do ensino galego

BOPG nº 557, do 07.09.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a que, en coherencia co previsto na Estratexia Educación Dixital 2030, avance na dixitalización do ensino galego a través do uso das técnicas de *big data* e intelixencia artificial, co obxectivo de implementar novas iniciativas e/ou programas:

- Que axuden no deseño de estratexias e na toma de decisións sobre políticas educativas en Galicia.
- Que faciliten e axilicen a xestión de datos e información que xera o sistema educativo.
- Que posibiliten acadar un expediente dixital para cada alumno e alumna.
- E que aborden a necesaria modernización das canles de comunicación e información entre a Administración educativa e os diferentes axentes educativos.»

Rexeitamento das iniciativas

- 56586 (11/PNC-004778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar e modernizar as infraestruturas dos centros educativos de Ponteareas e da súa comarca.

BOPG nº 543, do 11.08.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 58203 (11/PNC-004869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións de reforma que debe engadir a Xunta de Galicia no programa de rehabilitación integral do CEIP Daniel Rodríguez Castelao, de Rianxo

BOPG nº 557, do 07.09.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 59540 (11/PNC-004969)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que atenda a reclamación de maior dotación de profesorado e de prazas de comedor para o CEIP Bouza Brey, de Ponteareas

BOPG nº 565, do 20.09.2023



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Resolución da Presidencia, do 9 de outubro de 2023, pola que se admite a trámite o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que se comunica a inclusión na orde do día do próximo Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, do proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 61037)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 61037, o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que se comunica a inclusión na orde do día do próximo Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, do proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, co rogo de que se teña en conta á hora de elaborar a orde do día dunha sesión plenaria do Parlamento de Galicia, así como a súa tramitación polo procedemento de urxencia.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Cualificar e admitir a trámite, polo procedemento de urxencia, o escrito doc. núm. 61037, remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que se comunica a inclusión na orde do día do próximo Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, do proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, co rogo de que se teña en conta á hora de elaborar a orde do día dunha sesión plenaria do Parlamento de Galicia.

2º. Trasladar este acordo á Xunta de Portavoces e aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Resolución da Presidencia, do 9 de outubro de 2023, pola que se admite a trámite o escrito de 42 deputadas e deputados do G. P. Popular de Galicia polo que solicitan a convocatoria urxente dun Pleno extraordinario (doc. núm. 61039)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 61039, o escrito de 42 deputadas e deputados do G.P. Popular de Galicia polo que solicitan a convocatoria urxente dun Pleno extraordinario para o debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 61037).

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Cualificar e admitir a trámite o escrito núm. 61039, remitido polas deputadas e deputados do G. P. Popular asinantes.

2º. Trasladar este acordo á Xunta de Portavoces, aos portavoces dos grupos parlamentarios e á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de outubro de 2023, polo que se ordena a publicación da Resolución do 2 de outubro de 2023 pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto da xefatura do Servizo Económico-Financeiro da institución do Valedor do Pobo, convocado por resolución do 20 de xuño de 2023

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do día 3 de outubro de 2023, tivo coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que solicita que se proceda á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da Resolución do 2 de outubro de 2023 pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto de titular da xefatura do Servizo Económico-Financeiro,



convocado por resolución do día 20 de xuño de 2023 (doc. núm. 60756), e acordou a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

Resolución do 2 de outubro de 2023, pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto de xefatura do Servizo Económico-Financeiro da institución do Valedor do Pobo, convocado por resolución do 20 de xuño de 2023

Por resolución da valedora do pobo do 20 de xuño de 2023 aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo da xefatura do Servizo Económico-Financeiro da institución do Valedor do Pobo.

A convocatoria publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 123, do 29 de xuño de 2023, e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 515 da mesma data.

Finalizada a tramitación do procedemento, no exercicio das funcións que me atribúe a Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e o artigo 7.l) do seu Regulamento de organización e funcionamento,

RESOLVO:

Adscribir a Ramón Aguirre Seoane ao posto de xefe do Servizo Económico-Financeiro da institución do Valedor do Pobo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a valedora do pobo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2023

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do pobo



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

